

Falece o escritor Isidro Novo aos 66 anos de idade

Redacción | 01 de Febreiro de 2018



Isidro Novo

O escritor **Isidro Xoán Froilán López Novo** (Lugo, 1951), coñecido como **Isidro Novo**, faleceu esta quinta feira aos 66 anos de idade. Novo, que coordinaba a sección 'Palabras con Memoria' no Sermos Galiza, comezou como autor de literatura infantil e xuvenil coa publicación de 'Teaza de brétema', finalista no certame *O barco de vapor* de 1992.

En 1997 apareceu *Por unha presa de machacantes*, un western cómico, ao

que seguiron varios libros de relatos. Iniciouse na poesía co libro *Dende unha nada núa*. Participou en libros colectivos, foi radiofonista facendo en Radio Clavi un programa cultural titulado *Gomorritas e novas criaturas*, e como xornalista fixo reportaxes para varias revistas. O seu último libro publicado foi *O tabú na traslenda* (2017). *Varios dos seus relatos foron premiados no certame Modesto R. Figueiredo e no Manuel Murguía*.

Novo foi membro do consello directivo da *Asociación de escritores en lingua galega* (AELG) ao longo dos últimos 10 anos, así como membro da sección de Literatura Oral desta entidade.

O corpo do escritor está no **Tanatorio Velatorios Lucenses As Arieiras (Camiño do Seixo s/n. Lugo)**. Esta sexta feira, 2 de febreiro, ás 19:00 horas será incinerado.

Podes ver este artigo na próxima dirección